

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

Membros Xunta Directiva

Presidente: *Fernando Suárez*
Vicepresidente: *María Cortés*
Tesoureiro: *José M. Nogueira*
Secretaria: *Maheka Carella*

Vocal: *Francisco García*
Vocal: *Chus Santamariña*
Vocal: *Amaya García*
Vocal: *M^a José Roca*
Vocal: *Francisco Arnos*

Extracto da sesión celebrada pola assemblea ordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarín o día 28 de setembro de 2012

Comeza a assemblea en segunda convocatoria ás 20:00 con 55 país/nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Fernando Suárez, María Cortés, José Manuel Nogueira, Maheka Carella, Amaya García, María José Roca, Francisco García e Francisco Arnos. Segundo a orde do día os temas a tratar foron:

- 1. Aprobación da acta anterior, se procede.** Sométese a aprobación a acta da assemblea celebrada o 29 de maio de 2012, da cal o borrador pendente de aprobación foi publicado no blog da ANPA con anterioridade e no taboleiro de anuncios que esta posúe na porta principal do colexio e así se lles comunicou tanto aos socios desta ANPA, como ao resto dos país/nais do colexio. Aprobouse a acta por unanimidade e sen comentario algún por parte dos asistentes presentes no momento da votación.
- 2. Estado de contas. Aprobación se procede.** Infórmase que saldo das contas da ANPA ate o 31 de maio de 2012 ascende a 23.455,43€, importe que inclúe o saldo transferido dende a Asociación Deportiva e Cultural Vales Villamarín en setembro de 2011. As contas apróbanse por unanimidade.
- 3. Xestión do comedor e mañanceiros.**
 - 3.1. Comedor:** Infórmase de que o contrato coa empresa encargada do servizo de comedor está no seu derradeiro ano de contrato (curso 2012-2013) e que a ANPA avaliará ofertas doutras empresas, a non ser que se decida seguir co contrato a través da FEDAPA como se fixos estes dous últimos cursos.

Comunicáronse os novos presos de comedor actualizados polo 2.1% do IPC xeral de abril e a subida do IVE de setembro. O curso 2012-2013 contará con 168 comensais.
 - 3.2. Mañanceiros:** Infórmase da baixada de presos dun 20% no prezo de mañanceiros quedando os fixos con almorzón en 40€, fixos gardería en 30% e esporádicos en 2,20€ sen que repercute o novo IVE nos mesmos.

3.3. Xestión: A xunta directiva actual desexa que a xestión tanto do comedor como de mañanceiros corra a cargo do concello co que se tratará de novo o tema ó longo deste curso.

3.4. Reparto de axudas: Infórmase do cambio no sistema de axudas da Xunta de Galicia. Xa non se facerá por períodos anuais, senón por curso escolar, neste caso curso 2011-2012. Solicitáronse as axudas a través da Federación provincial de A Coruña e estase en trámites de presentación de documentación e datos.

3.5. RESPOSTAS ÁS SUXESTIÓNS E PREGUNTAS DA ASEMBLEA ANTERIOR:

A) Revisión do servizo de comedor: Asegurar o nivel de calidade da comida xa que hai sospeitas de que se inclúe menos cantidade de peixe no menú. Déixase constancia de que non houbo ate esta data reclamación alguna desta índole e que a empresa Escolarest ven utilizando o criterio 1-2-1, una semana un día con peixe, á semana seguinte dous...Ademáis comunicámonos que os seus menús están confeccionados por nutricionistas e seguen a pirámide nutricional.

B) Flexibilidade á hora de entregar os cheques de comedor: Pola contra a Xunta Directiva solicita dos pais e nais máis compromiso á hora de retiralos en tempo e forma. Infórmase de que en caso de non poder asistir á retirada do cheque o día estipulado, o titular do cheque pode delegar a súa retirada noutra persoa previa autorización firmada. Exponse o listado de cheques non retirados (xaneiro-xuño 2011).

4. Axendas escolares: Para o curso 2012-2013, infórmase que a cargo da ANPA repartiranse as axendas escolares entre os alumnos de 2º e 3º ciclo de educación primaria, sexan ou non socios da ANPA. Insístese na importancia desta ferramenta como canle de comunicación entre mestre e pais /nais.

4.1. RESPOSTAS ÁS SUXESTIÓNS E PREGUNTAS DA ASEMBLEA ANTERIOR:

A) Axendas escolares: Suxírese un novo deseño das axendas escolares que as fagan máis prácticas. Dado que as axendas para este curso 2012-2013 xa están encargadas, esta petición estudarase cando se planifiquen as do curso 2013-2014.

5. Información sobre o curso 2012-2013.

5.1. Organización do centro (alumnado). Infórmase do número de alumnos por ciclo, curso, número de aulas e ratio, repartíndose do seguinte xeito: E.I. 2º ciclo 308 alumnos, E.P. 1º ciclo 229 alumnos, E.P. 2º ciclo 212 alumnos, E.P 3º ciclo 227 alumnos, facendo un total de 976 alumnos .

5.2. Organización do centro (catálogo de profesores): Exponse o listado de Mestres por materia, con praza definitiva e provisional.

5.3. Organización do centro (profesorado): Infórmase da organización das gardas de recreo, nas que participa todo o profesorado agás un mestre que excede as súas horas lectivas. As gardas das actividades extraescolares en horario de 16:00 a 18:00 son atendidas por dous Mestres. As gardas de transporte realízanse por 9 mestres (3 do equipo directivo, 3 mestres voluntarios e 3 que rotan. A colaboración das coidadoras de transporte co colexio é calificada de excelente por parte do equipo directivo. O primeiro bus chega ás 8:40.

5.4. Retirada de barracóns: Infórmase dos acordos acadados entre o Concello, a Xunta de Galicia e a ANPA co fin de evitar a instalación dos barracons no colexio: Máis horas de profesorado PT, concesión do plan Abalar, concesión do Plan de mellora de Bibliotecas, instalación de canóns e pantallas, encerados dixitais e portátiles, remodelación do salón de actos, mobiliario novo para o comedor e outras dependencias, renovación de tódolos aseos do edificio de primaria.

5.5. RESPOSTAS ÁS SUXESTIÓNS E PREGUNTAS DA ASEMBLEA ANTERIOR:

A) LIMPEZA DE ASEOS: Deixase notar certa alarma sanitaria en torno á situación actual do centro, e concretamente na área dos aseos. Fálase da posibilidade dunha auditoría ou inspección sanitaria. Dende a xunta directiva incídese que o aspecto e situación dos aseos está ligada directamente á antigüidade das instalacións e á masificación do centro, máis que á limpeza dos mesmos. A xunta directiva cree que coa renovación de todos os aseos do edificio de primaria minimizarase significativamente este problema. A obra é considerada de máxima importancia ao igual que a construción do colexio novo de infantil.

5.6. Transporte escolar: O total de alumnado transportado é de 450 nenos/as, repartidas en 10 liñas de transporte gratuíto e una de pago. Infórmase dos criterios estipulados para que o alumno/a disfrute do servizo de transporte gratuíto.

5.7. RESPOSTAS ÁS SUXESTIÓNS E PREGUNTAS DA ASEMBLEA ANTERIOR:

A) Manobra dos buses: Denuncia de posible risco de accidente diario na manobra de aparcamento dos buses entre as 8:00 e as 8:15. Os autobuses dan marcha atrás e xiran para poder volver a saír por onde entraron. A esas horas aínda no hai garda municipal no colexio. A xunta directiva comprométese a canalizar esta queixa e facerlle un seguimento.

B) “Ir andando ao cole”. Suxírese que se retome o proxecto de “Ir andando ao Cole”, no que hai 2 anos xa estivo traballando a xunta directiva da ANPA. Retomarse este tema en coordinación co Concello de Betanzos.

5.8. Simulacro de evacuación: Infórmase do simulacro feito no curso 2011-2012:

- Todos os edificios do centro foron evacuados nun tempo máximo de 4 minutos.
- En **6 minutos**, todo o persoal do centro (alumnado, profesorado e persoal non docente) estaba fóra do recinto escolar.
- En menos de **10 minutos**, todo o persoal do centro se atopa nos correspondentes lugares de concentración (recintos do IES Francisco Aguiar e do Distrito Forestal II

Curso 2012-2013

Decidiuse programar un novo simulacro, con **maior carga de realismo**, para o **inicio deste curso 2012-13**, contando xa coa intervención e presenza de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros.

5.9. Charla a cargo do equipo directivo: Infórmase de que a primeira quincena de outubro terá lugar esta charla na que nos falarán da situación do cole, do seu programa educativo e atenderán as suxestións, preguntas e dúbidas dos pais /nais.

5.10. Información adicional: Infórmase dos días non lectivos aprobados en consello escolar, que serán o 7 de decembro de 2012 e o 20 de maio de 2013.

5.11. RESPONSTAS ÁS SUXESTIÓNS E PREGUNTAS DA ASEMBLEA ANTERIOR:

- A) **Retomar a realización de festas** (entroido, magosto, etc) e excursións para o alumnado. Infórmase que a actual xunta directiva descartou celebrar este tipo de actividade, centrando a súa labor noutros aspecto ou tipo de actividades máis formativas. En calquera caso valorarase de novo esta suxestión cara o curso que vén.

6. Situación do colexio novo de infantil: A ANPA dirixiuse por escrito á Consellería de Educación solicitando detalles e aclaracións. Dubídase de que o colexio estea en funcionamento no curso 2013-2014.

7. Actividades extraescolares 2012-2013 e resto da programación: Exponse o cadro coas diferentes actividades, horarios, lugar no que se levarán a cabo e o listado de monitores. O comezo será o 1 de outubro de 2012 e finalizarán o 31 de maio de 2013. Como novidade o comezo da actividade “cociña creativa”. Indícase o prazo de pagamento das mesmas e a forma de facelo. Tamén se explica que a partir deste curso existirá coordinación de actividades co IES Fco. Aguiar para que os alumnos do cole que pasen a cursar os seus estudos de secundaria dean continuidade ás actividades que levaban a cabo con anterioridade.

8. Proposta inicial 2012-2013 (actividades puntuais):

- 8.7. Certame / Concurso de Pintura e Debuxo FERTIBERIA (a nivel de todo o estado) Dirixido a: nenos/as 1º, 2º,3º e 4º de Primaria.
- 8.8. Magos cómicos: O Gran Pedrini e o mago da boina, incluído na programación da deputación de A Coruña.
- 8.9. II Xornadas sobre Atención á Diversidade.
- 8.10. Outras actividades formativas, aínda sen concretar / definir.
9. **Como facerse socio:** Recordouse o mecanismo empregado para facerse socio, o prazo, o formulario, a cota familiar e as vantaxes económicas. Lembramos aos socios do curso 2011-2012, que queiran seguir con nós, a súa obriga de **volver cumprir a folia de inscrición de socio** para este curso 2012-2013
10. **Reorganización da xunta directiva, altas e baixas:** Infórmase do estado da xunta directiva para o curso 2012-2013.

PRESIDENTE : Fernando Suárez

VICEPRESIDENTA : María Cortés

TESOUREIRO : José M. Nogueira

SECRETARIA : Maheka Carella

VOCALIS :

- **Chus Santamariña (baixa)**
- **Fran García (baixa)**
- **Carmen Calatayud (baixa)**
- **Amaya García**
- **Mª José Roca**
- **Francisco Arnoso**
- **José Rodal (baixa)**

11. Suxestións e preguntas:

a) Pídese maior control por parte da policía e de protección civil polas mañás na chegada dos buses, hai queixas polas manobras dalgún bus marcha atrás e a inseguridade nos pasos de peóns tanto de primaria como de infantil. Respóndase que se transmitirá ó concello.

b) Pregúntase polo cambio de empresa de xestión do comedor. Respóndase que se estudiarán tódalas posibilidades e escollerase a mellor.

c) Dúbdas sobor da utilización dos cepillos de dentes despóis das comidas, xa que una nai comenta que os cepillos de dentes dos seus fillos non foran utilizados en todo o curso. Contéstase que será consultado coa encargada do servizo.

d) Pregúntase polo que fan os nenos de comedor ate as 16:00. Respóndase que os nenos son atendidos polas coidadoras deixándolles que xoguen no patio cuberto ate que os pais pasen recollelos.

e) Unha nai pregunta se a súa filla pode esperar no cole dende que saia do comedor ás 16:00 ate que comece cociña creativa ás 16:30. Respóndase que os nenos poden quedar no recinto escolar, aínda que ninguén se facería cargo deles.

f) Pregúntase se hai posibilidade de que un pai coma no comedor para probar a comida. Respóndase que habería que falalo coa empresa responsable pero que

en principio non habería ningún problema, xa que o curso pasado outro pai tivo a ocasión de facelo.

g)Prantéxase una queixa porque hai algún mestre que se nega a facer saídas cos alumnos como medida de presión polos recortes. Suxíreselle que sexa prantexado na charla que facerá o director en outubro, xa que no consello escolar acordouse que ó final de ciclo tódolos nenos terían feito as mesmas saídas.

h)Pregúntase pola data de comezo do proxecto abalar, que é e se inclúe o mantemento. Infórmase que comezará este curso, 2012-2013 implantándose primeiro en 5º de E.P. Faise un breve resumo do contido do plan abalar e confírmase que inclúe o mantemento dos ordenadores.

Sen máis suxestións , nin preguntas, péchase a sesión ás 22:00h.

Pendente de aprobación